

Acta Asemblea en Común Extraordinaria Monográfica a petición do GT Institucional

Data: Martes 1 de setembro de 2015

Lugar: Local OueC (As Burgas)

Hora: 20h

1) Ratificación carácter de urxencia da convocatoria.

Atendendo ao novo protocolo de convocatoria de asembleas aprobado na AeC do 17/7/2015 será necesaria ratificar a urxencia da convocatoria con anterioridade a celebración da mesma.

Neste caso a urxencia débese á convocatoria do pleno ordinario do mes de setembro para o venres 04/09/2015 polo que o GT Institucional achega a orde do día do mesmo na procura de argumentario e referendo asembleario.

Ratificada a urxencia por unanimidade.

2) Orde do día para o Pleno Ordinario do Concello de Ourense do 04/09/2015.

Mocións defendidas por OUEC:

O Grupo de Traballo Institucional, coa colaboración do GT Relato e Análise e diferentes achegas individuais, presentará en pleno as seguintes mocións:

- Moción *Conflicto no Servizo de Axuda no fogar (caso: Seralia)*
- Moción *Banda de Música, xestión democrática e transparente*
- Moción *Participar e ser partícipes*

Tivéronse en conta todas as achegas recibidas pola rolda de correo-e pero moitas delas necesitan dun maior estudo ou desenvolvemento, razón pola que faise un chamamento a todas aquelas persoas que presentaran algunha proposta a afondar nela ben a título individual ou ben coa colaboración dos diferentes grupos.

Para consultar o resto da orde do día pleno do 4 de setembro de 2015 e o argumentario de OUEC preme nesta ligazón:

http://www.ourense.es/portalOurense/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_6539_4.pdf

3) Dáse conta da actividade do GT Institucional:

–Xuntas de Área 01/09/2015

Dáse conta brevemente das temáticas avanzadas en cada xunta de área. Dáse conta que serán publicadas na web de OUeC as actas de cada xunta de área para consulta de calquera interesada. Existe unha proposta de reforma da web do concello para publicar as actas destas xuntas, namentres o GT Institucional avanzará poñendo ao servizo da rolda un repositorio dixital con copia das mesmas.

Dáse conta que Leticia Piñeiro renuncia á asignación por asistencia ao CMD segundo Código Ético de OueC.

–Convites pendentes:

Dáse conta brevemente dos convites recibidos por parte do GT Institucional e daqueles aos que se asistiu.

– Tarefas pendentes e inminentes:

Dáse conta brevemente das liñas temáticas estratéxicas nas que cada concelleira está a traballar.

–Roteiros polos servizos e persoal do concello:

Infórmase que as primeiras visitas realizadas no mes de xullo tiveron moi boa acollida e serviu para recoller moita información pola que manteranse no futuro e reactivaranse de inmediato despois da parada estival do mes de agosto por mor das vacacións do persoal municipal.

–Consello Municipal de Cultura:

Noméase a Leticia Piñeiro como representante no mesmo tendo en conta a vinculación coa súa área temática no reparto de Xuntas de Área.

–Prensa OUeC:

Infórmase da renuncia realizada con referido ao dossier e a subscrición en formato papel. O grupo segue tendo acceso ao mesmo en soporte dixital montado sobre plataforma Dropbox en colaboración cos servizos municipais de prensa.

–Organización Grupo de traballo:

Dáse conta da inminente presentación dunha modificación no documento de Estrutura Organizativa de OUeC para adaptalo á realidade cotiá do grupo así como para ser máis dilixentes na súa labor. Liña na que tamén se definiron horarios e funcións específicas para cada un dos integrantes do grupo.

–Conta bancaria Grupo municipal:

Infórmase de que o GT Legal e Finanzas xa ten acceso directo á conta bancaria do grupo municipal.

Levántase a sesión ás 22.30h